



O Parlamento aproba a nova Lei de inclusión social, que articulará unha nova RISGA e potenciará a inserción laboral

- ▶ É un texto que provén do consenso, xa que foi ratificado como acordo do diálogo social polos principais axentes sociais de Galicia
- ▶ A nova RISGA (renda de integración social de Galicia) dividírase en tres tramos: tramo persoal e familiar, de inserción, e de transición ao emprego
- ▶ Potenciaranse as sinerxías entre os servizos sociais e de emprego, e realízase unha diagnose da empregabilidade das persoas
- ▶ Establece, por primeira vez, a compatibilidade con traballos esporádicos, co fin de incentivar o acceso a un emprego
- ▶ Substituirá a anterior normativa, que data de 1991

A Xunta diseña unha estratexia con máis de 50 medidas e 36,4 millóns en beneficios fiscais, sociais e económicos para as case 20.000 familias numerosas de Galicia

Benestar impulsa en Galicia a campaña europea “Un de cada cinco” para a prevención do abuso sexual a nenos e nenas



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta iniciativa, acompañada pola directora do departamento de igualdade e dignidade humana do Consello de Europa, Elda Moreno
- ▶ A campaña establece unha regra “moi simple” para que os máis pequenos aprendan a diferenciar que clase de comportamento é admisible e cal non o é
- ▶ De cara á protección dos menores, a Xunta dispón, entre outras ferramentas, da Liña telefónica de axuda á infancia ou o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI)

Informe do paro rexistrado

O mes de novembro rematou en Galicia cun total de 270.854 persoas desempregadas

- ▶ A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, destacou que é a primeira vez, desde o ano 2007, que Galicia rexistra un descenso interanual do paro.

Sumario	Política social	2-7	Traballo e economía social	10-13
	Declaración institucional	7	Xuventude e voluntariado	14-15
	Formación e emprego	8-9	Publicacións	16
	Informe do paro rexistrado	9	Normativa	17-24
Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar			
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas			
	Coordinación: Pepa Dabán Royo			
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces			
	ISSN: 2254-7835			

Feijóo avanza que a Xunta pagará o complemento das pensións non contributivas por quinto ano consecutivo, en plena crise económica e máis que ningunha comunidade

O Parlamento aproba a nova Lei de inclusión social, que articulará unha nova RISGA e potenciará a inserción laboral

- É un texto que provén do consenso, xa que foi ratificado como acordo do diálogo social polos principais axentes sociais de Galicia
- A nova RISGA (renda de integración social de Galicia) dividirase en tres tramos: tramo persoal e familiar, de inserción, e de transición ao emprego
- Potenciaranse as sinerxías entre os servizos sociais e de emprego, e realizarase unha diagnose da empregabilidade das persoas
- Establece, por primeira vez, a compatibilidade con traballos esporádicos, co fin de incentivar o acceso a un emprego

Santiago, 26 de novembro de 2013.- O Parlamento galego aprobou a nova Lei de inclusión social de Galicia, que permitirá articular unha nova renda de integración social de Galicia (RISGA) e potenciará a inserción laboral, para evitar a cronificación destas situacións.

Trátase dun texto que vén a substituír o anterior, que data de 1991. Con esta nova norma, Galicia sitúase á vangarda das directrices europeas, xa que está redactada co espírito de impulsar unha política de inclusión verdadeiramente integradora e acorde coa Estratexia europea 2020.

Unhas das principais novidades desta lei é que se articulará unha nova renda de inclusión social de Galicia –a palabra “integración” da denominación orixinal pasara a ser “inclusión”- que será a partir de agora flexible e modular. Isto é, co fin de potenciar especialmente a inclusión laboral, dividirase en tres tramos distintos: o persoal e familiar; o de inserción; e o de transición ao emprego.

De feito, o reforzamento das sinerxías entre a área social e o emprego será unha das prioridades. O obxectivo é crear un itinerario único e coherente de cara ao acceso a un posto de traballo. Isto conseguirase a través de dúas vías: por unha banda, a prestación garantirá unha contía a maiores para aqueles beneficiarios que cumpran un itinerario de inserción laboral; e, por outra banda, as oficinas de emprego e o persoal de intermediación pasarán a xogar un papel decisivo.

Por exemplo, a partir da entrada en vigor da Lei, realizarase unha diagnose de empregabilidade e continuarase con accións de orientación, que requirirán da acción coordinada entre os servizos sociais comunitarios e o persoal técnico do Servizo Público de Emprego.

A inserción laboral tamén se pretende conseguir por outra vía: a RISGA faise por primeira vez compatible coas rendas obtidas a través de traballos esporádicos ou de escasa contía. Deste xeito, garátese que a persoa nin abandone o seu proxecto de inserción, nin renuncie á realización do traballo, nin tampouco recorra á economía somerxida. Actualmente, cando accedían a traballos de ingresos inferiores á prestación, se descontaban estes ingresos.

División en tres tramos

En primeiro lugar, a través do denominado tramo “persoal e familiar” garátese unha contía mínima para a cobertura das necesidades básicas da persoa, que se relaciona co compromiso de manter un proxecto de inserción social.

Esta contía é anual e prorrogable. Ademais, esta prestación é ampliable no caso da presenza de maiores ou de menores de idade na unidade familiar. Neste caso, o beneficiario terá que cumprir un acordo de integración socioeducativa dos menores convivintes. É a primeira vez que se inclúe como tal o compromiso dunha intervención concreta con menores.

O segundo tramo é o de “inserción”. Neste caso, o beneficiario percibe unha contía a maiores da do tramo persoal e familiar, co fin de estimular o seu acceso a un emprego. Este tramo terá unha duración de ata 18 meses. Para ser beneficiario deste tramo, é necesario cumprir un itinerario orientado á inserción laboral, con accións formativas.

Por último, a nova RISGA abrirá un tramo de transición ao emprego. Consiste nunha contía que se segue a percibir durante os seis primeiros meses desde a consecución dun posto de traballo por parte do beneficiario. A contía vai diminuíndo gradualmente ata extinguirse.

Grazas a estes tramos, dáse resposta ás disfuncións que se viñan detectando na actual RISGA e que foron avaliadas tanto por profesionais da Administración autonómica e local, como por expertos do terceiro sector, así como polo diálogo social.

Así, unha das disfuncións que se tiña detectado é a cronificación

da situación de exclusión social, a través das prórrogas sucesivas da percepción da RISGA. Detectouse, tamén, a perda de vinculación do beneficiario co proxecto de inserción

Coa división en tres tramos, permítese que aqueles beneficiarios que non estean en condicións de cumprir un proxecto de inserción permanezan no tramo persoal e familiar e, pola súa banda, incentívase a incorporación a este proxectos permitindo a recepción dunha contía a maiores para aqueles que pasen ao segundo tramo.

Deste xeito, agás no tramo básico, todas as contías que contempla a nova Lei de inclusión son maiores ás que se viñan recibindo ata agora: tanto os complementos por outros convivintes con maiores, como as contías adicionais para fomentar a inserción.

Outra das disfuncións que se tiña detectado, e que se soluciona coa nova Lei de inclusión, é que actualmente na práctica “se penalizaba” a realización de traballos esporádicos ou accións formativas, porque a percepción da RISGA se reducía ou se suspendía neste caso. Isto levaba a moitos beneficiarios a renunciar a estas actividades de inserción ou mesmo a agochalas da Administración. Coa nova normativa, os tramos de inserción e de transición ao emprego son compatibles cos accesos parciais a determinados traballos, así como tamén



A conselleira de Traballo e Benestar e no Parlamento

se establece a compatibilidade con prestacións económicas de contía menor que a das pensións non contributivas.

En definitiva, a lei recolle os beneficiarios non como os meros perceptores dun subsidio, senón como suxeitos capaces de superar esas situacións, aos que hai que motivar, incentivar e apoiar para que o fagan.

As AIS

Ademais, a nova norma regulará tamén outros aspectos como as axudas de emerxencia social (AES), que agora pasan a denominarse Axudas de inclusión social (AIS).

Neste senso, é preciso destacar que as futuras AIS estarán destinadas, non só como ata o de agora, a sufragar situacións de grave emerxencia, senón que financiarán tamén actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medias de apoio dos diferentes tramos da

renda de inclusión social de Galicia. Para favorecer a súa eficacia, as persoas receptoras destas axudas vincularanse a proxectos de traballo social ou socioeducativos desenvolvidos desde os servizos sociais comunitarios, que se responsabilizarán do seu seguimento.

As axudas de inclusión social, como ata o de agora, estarán destinadas a posibilitar que as persoas cunha grave situación económica continúen habitando na vivenda habitual cando este feito favoreza o proceso de inclusión; a mellorar a habitabilidade da vivenda habitual; ao equipamento do mobiliario básico da vivenda ou axudas para atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.

No texto, tamén se fomentan as empresas de inserción laboral e o seu recoñecemento, así como a adopción doutras medidas de inclusión social como as accións de discriminación positiva nas políticas activas de emprego.

Feijóo avanza que a Xunta pagará o complemento das pensións non contributivas por quinto ano consecutivo, en plena crise económica e máis que ningunha comunidade

- Destaca o compromiso do Executivo autonómico cos que máis o precisan, incrementándose desde 2009 un 54 % os que cobran a renda de integración social en Galicia e cun aumento dun 75 % no orzamento da Xunta para a RISGA
- No compromiso coa dinamización demográfica lembra que a Xunta incrementou un 20% a dedución por nacemento; duplicou o límite máximo de dedución por coidado de fillos e levará a cabo novas medidas como a exención do pagamento en escolas infantís públicas para as familias con menos de 30.000 euros a partir do segundo fillo.

Santiago, 13 de novembro de 2013.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanza que a Xunta pagará o complemento das pensións non contributivas -206 euros- por quinto ano consecutivo e en plena crise económica; “o dobre –subliñou- que na Comunidade Autónoma de Andalucía e máis que ningunha comunidade de España”.

En resposta a unha pregunta de AGE, Feijóo destacou o compromiso do Executivo autonómico cos que máis o precisan, incrementándose desde 2009 un 54 % os que cobran a renda de integración social en Galicia e cun aumento dun 75 % no orzamento da Xunta para a RISGA.

A pesar de que a taxa de pobreza en Galicia está 3 puntos por debaixo da media de España (21,8% en España fronte ao 18,8% en Galicia), Feijóo recoñeceu que o Goberno galego non está satisfeito con esta cifra e adiantou a elaboración, por primeira vez en Galicia, dunha estatística para avaliar a pobreza e as dificultades dos rapaces; “un estudo da pobreza infantil que presentaremos á Cámara no primeiro semestre de 2014”.

O responsable autonómico salientou, ademais que segundo os datos da Rede europea contra a pobreza e a exclusión social, no ano 2011, Galicia é unha das

poucas comunidades autónomas que, en crise económica, non incrementou a pobreza.

Así mesmo, e en relación á emigración, o presidente da Xunta salientou que os datos do INE acreditan, tamén, que Galicia é unha das comunidades onde menos mozos emigran en relación coa media de España. Máis polo miúdo, precisou que segundo o INE os fluxos migratorios estimados, no ano 2012, sitúan Galicia como unha comunidade na que baixa o número de mozos que emigra, tanto se se computan os que emigran a outras comunidades como os que se van fóra de España, sendo a media de España do 3,86 fronte a un 2,10 de Galicia.

Feijóo referíuse tamén á dificultade estrutural da comunidade en relación coa natalidade e, neste sentido, lamentou a falta de apoio da oposición en relación ao Plan de dinamización demográfica de Galicia; “o único plan que existe –dixo-, aprobado por este goberno e que conta con 70 propostas”.

Nesta mesma liña, lembrou que a pesar da crise, a Xunta incrementou un 20% a dedución por nacemento; duplicou o límite máximo de dedución por coidado de fillos e levará a cabo novas medidas como a exención do pagamento en escolas infantís públicas para as familias con menos de 30.000 euros a partir do segundo fillo.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/renda-de-integracion-social-de-galicia-risga>



Política social

A Xunta diseña unha estratexia con máis de 50 medidas e 36,4 millóns en beneficios fiscais, sociais e económicos para as case 20.000 familias numerosas de Galicia

- Entre as medidas máis innovadoras destacan as de carácter social, como a prioridade destas familias ao Programa Reconduce de prevención de risco de desafiuzamento por execución hipotecaria
- Este colectivo será preferente para ser beneficiario dos programas do Plan de vivenda 2013-2016 de fomento do alugueiro
- A Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016 inclúe, ademais, a exención do prezo nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Xunta a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola, sempre e cando as familias teñan unha renda por habitante igual ou inferior a 7.500 euros anuais
- Para mellorar a mobilidade, cómpre subliñar o establecemento de políticas sociais no Plan de transporte metropolitano de Galicia, con reducións das tarifas previstas do 20%

Santiago, 21 de novembro de 2013.- O titular do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou na rolda de prensa do Consello, o deseño da Estratexia de familias numerosas de Galicia que, cun total de 53 medidas e un investimento de 36,4 millóns de euros, beneficiará entre 2013 e 2016 as 19.500 familias numerosas galegas.

Entre as medidas máis novidas destacan as de carácter social, como a prioridade destas familias ao Programa Reconduce de prevención de risco de desafiuzamento por execución hipotecaria; e, tamén, a prioridade de acceso ao Plan de vivenda 2013-2016 de fomento do alugueiro, a rehabilitación de edificacións e a rexeneración e renovación urbanas.

Para mellorar a mobilidade, cómpre subliñar o establecemento

de políticas sociais no Plan de transporte metropolitano de Galicia, con reducións das tarifas previstas do 20% nas áreas constituídas da Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo e en constitución de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Así mesmo, as familias numerosas terán prioridade en 2014 na obtención da flexibilidade do horario laboral e a posibilidade de traballar desde a casa para conciliar a vida persoal, laboral e familiar; e prioridade tamén na elección do período de vacacións das mulleres xestantes e das mulleres e homes con fillos ou fillas menores de 12 anos ou maiores dependentes ao seu coidado, sempre no eido do emprego público.

A Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016 inclúe, ademais, a

exención do prezo nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Xunta a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola, sempre e cando as familias teñan unha renda por habitante igual ou inferior a 7.500 euros anuais. Ademais poderán beneficiarse dun incremento de ata 360 euros en 2014 na dedución fiscal por nacemento ou adopción durante os tres primeiros anos da vida de cada fillo. Esta cifra irase incrementando: 400 euros no segundo fillo no 2015; e 450 euros no terceiro fillo no 2016.

Todas estas medidas súmanse a outras xa en marcha, entre as que destacan: o recoñecemento ou asimilación á categoría de descendente do fillo concibido e non nado; o carné familiar galego, co que poden obter vantaxes ou descontos nos establecementos colaboradores con este programa (neste momento hai 1.943 entidades colaboradoras); e dedución por familia numerosa na cota íntegra do IRPF (a contía da dedución é de 250 euros para as de categoría xeral e 400 euros para as de categoría especial).

Feijóo referiuse tamén á aplicación do tipo reducido (4%) no Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas

para adquisición de vivenda habitual; ou á aplicación do tipo reducido (0,5%) no Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados na modalidade de actos xurídicos documentados para adquisición de vivenda habitual.

Preferencia para o ingreso nos centros de atención á primeira infancia; redución dun 20% por cada neno nos prezos dos centros de atención á infancia; preferencia na obtención do cheque infantil; redución do prezo nas residencias de tempo libre; e preferencia no acceso ás prazas de residencias xuvenís son outras iniciativas postas xa en marcha, e que se suman a outras como a redución de taxas de expedición de títulos non universitarios, a redución de prezos de matrícula nas ensinanzas especiais, bonificacións nos comedores escolares e bonificación do 50 por cento no canon da auga.

En definitiva, conscientes de que as familias numerosas forman parte dun colectivo exposto en maior medida ás inclemencias da crise económica, a Xunta quere manter e incrementar un conxunto de máis de 50 medidas encamiñadas a dotar as familias numerosas de maiores vantaxes para facilitarlles o día a día: con máis beneficios fiscais aos que poderán acollerse; con máis facilidades para acceder aos servizos públicos; e con descontos tamén nas actividades de lecer.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/carne-familiar>



Benestar impulsa en Galicia a campaña europea “Un de cada cinco” para a prevención do abuso sexual a nenos e nenas

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta iniciativa, acompañada pola directora do departamento de igualdade e dignidade humana do Consello de Europa, Elda Moreno
- A campaña establece unha regra “moi simple” para que os máis pequenos aprendan a diferenciar que clase de comportamento é admisible e cal non o é
- De cara á protección dos menores, a Xunta dispón, entre outras ferramentas, da Liña telefónica de axuda á infancia ou o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI).

Santiago, 25 de novembro de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar está a impulsar en Galicia a campaña “Un de cada cinco”, que ten como obxectivo avanzar na prevención do abuso sexual a nenos e nenas. Esta iniciativa foi posta en marcha polo Consello de Europa, e a Comunidade Autónoma adheriuse a ela.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, estivo acompañada na presentación deste proxecto pola directora do Departamento de Igualdade e Dignidade Humana do Consello de Europa, Elda Moreno. Durante a súa intervención, resaltou o “interese” da campaña porque dá resposta a unha materia que “en moitas ocasións é difícil de detectar e sempre é moi complicada de abordar”. Ao respecto, explicou tamén que o seu nome procede dunha estatística de UNICEF que sinala que “un de cada cinco nenos no mundo é vítima de violencia sexual”.

Esta iniciativa ofrece unha “canle moi sinxela” para comunicarse cos nenos e nenas: “a regra de Kiko”, unha regra “moi simple que axuda os máis pequenos a diferenciar que clase de comportamento é admisible e cal non o é e; ao mesmo tempo, axuda os pais a mellorar a súa comunicación cos fillos”.

De feito, o primeiro núcleo de actuación no que fai fincapé a campaña é a familia onde é preciso ter un ambiente “tranquilizador, receptivo e nada intimidatorio”. Outro dos ámbitos nos que hai que prestar atención é a escola, outro núcleo de referencia para a infancia. Os profesores e educadores

poden ser axentes principais para a detección e a prevención das situacións indesexables.

Pero fundamentalmente –segundo considerou Mato– o que esta campaña ensina é que “todos podemos ser mediadores e colaborar en rede na loita pola prevención destas situacións. Desde as entidades, aos medios de comunicación ou ás institucións”.

Un dos obxectivos principais e irrenunciáveis do Goberno galego é a protección da infancia. Por iso, téñense posto en marcha ferramentas, instrumentos e protocolos para facilitar a detección e comunicación de calquera tipo de maltrato.

Por exemplo, a liña telefónica de axuda á infancia. Trátase dunha ferramenta gratuita, atendida por persoal especializado as 24 horas do día. O número é común para toda Europa: 0 116111. Con el, facilítase que os nenos e nenas expresen as súas preocupacións e reciban axuda profesional; e constitúe tamén unha canle para que os adultos poidan comunicar as súas sospeitas de forma anónima.

Teléfono da infancia

Desde 2009 ata agora recibíronse neste número preto de 8.000 chamadas. En concreto, en 2012 houbo un total de 1.483 chamadas. De todas elas, 142 encadráronse na tipoloxía de “comunicación ou sospeita de maltrato”. A maioría delas (83, o que representa case un 60 por cento) foron por abandono físico ou negligencia; 27 por maltrato físico; e 2 por abuso sexual.

Por outra banda, o Rexistro



Unificado de Maltrato Infantil (RUMI) é unha ferramenta informática na que se rexistran as posibles situacións de malos tratos, simplificando os trámites, reducindo os tempos de intervención e mellorando a eficiencia da actuación pública.

Foi creado en 2010 e especificamente deseñado para ser empregado polos profesionais que están en mellor situación para detectar os posibles casos de maltrato. Desde a súa posta en marcha, máis de 2.000 profesionais dos centros educativos e das forzas de orde público foron dados de alta como usuarios do RUMI. Cando estes profesionais

activan unha notificación, esta é recibida polos equipos técnicos do menor, que habilitan o protocolo de actuación e un estudo profesional e confidencial.

Ademais, o Goberno galego leva a cabo outros programas, como o de integración familiar en colaboración coa Fundación Meniños, que está dirixido a menores e familias nas que se producen situacións de maltrato ou desprotección. Tamén cabe lembrar o acollemento familiar (en familia allea ou extensa) que permite aos nenos en situación de desamparo vivir cunha nova familia de forma temporal.



http://www.underwearrule.org/default_gl.asp



Política social

A Xunta inicia o derradeiro trámite para crear unha Axencia de Servizos Sociais que permitirá aplicar a este eido un modelo de xestión similar ao que o Sergas significa para a sanidade pública

- Afirma que a unificación alcanzará eficacia ao permitir xestionar con criterios homoxéneos e evitar duplicidades, e polo tanto, suporá menos custos e máis calidade na prestación dos servizos sociais públicos
- Salienta que a Axencia asumirá de xeito gradual os centros de servizos sociais, comezando pola xestión das escolas infantís que dependen da Consellería de Traballo para continuar cos centros do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar
- Remarca que a Axencia seguirá apostando pola colaboración na prestación dos servizos sociais e por iso estarán representados nela os concellos.

Santiago, 07 de novembro de 2013.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou tras o Consello da Xunta, o cumprimento do compromiso de creación "dunha única Axencia de Servizos Sociais que coordine, unifique e xestione todo o persoal dos servizos sociais e todos os centros sociais da comunidade autónoma responsabilidade do Goberno galego". "Estamos –remarcou– na derradeira fase de tramitación e de xeito inmediato remitiremos o proxecto de Decreto ao Consello Consultivo co obxectivo de que se poida facer efectiva a constitución deste ente no primeiro semestre de 2014", engadiu, para destacar tamén a complexidade do proceso tanto na súa concepción como na súa aplicación.

Nesta liña, Feijóo destacou que a futura Axencia é a máis grande de todas as que creou a Xunta. Ademais, indicou, que involucra non só distintos departamentos, senón tamén varias administracións –estará formada polos recursos do Consorcio, no que está integrada a Administración autonómica e tamén os concellos–; e unificará unha disparidade de centros.

Así mesmo, destacou que, a pesar de ser un proceso complexo, a creación da nova Axencia "responde a un mandato legal recollido na Lei de servizos sociais desde 2008", que "dá continuidade á liña de racionalización emprendida desde 2009" para ter unha Xunta máis pequena e máis eficaz; e

"supón importantes vantaxes para os cidadáns e para a propia Administración".

Con este convencemento, Feijóo fixo fincapé en que a Axencia suporá a unificación nunha única persoa xurídica de todos os recursos humanos e materiais dos que dispón o Goberno galego para prestar os servizos sociais.

Eficacia: menor custo e maior calidade

Esta unificación traducirase en máis eficacia nos servizos sociais públicos, ao permitir xestionar con criterios homoxéneos e evitar a duplicidade de estruturas; en menos custo, ao obter marxes económicas para seguir mellorando a cantidade de servizos sociais públicos como se vén facendo nos últimos anos; e traducirase, tamén, nunha maior calidade dos servizos sociais públicos posto que a fusión dos recursos facilitará que as carteiras de servizos sexan unha realidade de forma máis rápida e ordenada (tanto a carteira de dependencia xa aprobada como as futuras carteiras para persoas autónomas, para a infancia, etc).

"En definitiva –afirmou– trátase de aplicar aos servizos sociais públicos un modelo de xestión similar ao que aplicamos no Servizo Galego de Saúde cando integramos os hospitais municipais e os hospitais das deputacións cos hospitais recibidos do INSALUD e constituímos o gran servizo sanitario que ten Galicia desde o ano 1991".

No tocante ao cronograma, Feijóo subliñou que o obxectivo é



O presidente da Xunta na rolda de prensa do Consello

que despois de remitir o proxecto de decreto esta mesma semana ao Consello Consultivo, o texto sexa aprobado definitivamente no mes de decembro, co fin de que a Axencia estea constituída no primeiro semestre de 2014 e comece a funcionar no próximo ano.

Segundo dixo, "a Axencia irá asumindo, progresivamente, todos os centros de servizos sociais de forma gradual para blindar que o proceso de adaptación se faga con todas as garantías e sen afectación de ningún tipo ao servizo". E, engadiu que a posta en marcha deste ente comezará coa xestión das escolas infantís que dependen actualmente da Consellería de Traballo e Benestar, para despois ir asumindo os centros que dependen do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A previsión é que a Axencia poida ter asumido a principios de 2015 a totalidade dos centros do Consorcio, polo que este ente pasará a extinguirse xa que quedará integrado dentro do novo organismo.

Feijóo explicou que a xestión dos restantes servizos sociais irase asumindo paulatinamente a partir desa data, de forma ordenada e por áreas estratéxicas. E

a asunción de novos servizos e equipamentos irá sempre acompañada da correspondente modificación da estrutura da Consellería, para evitar a duplicidade e os aforros previstos.

Así mesmo, o presidente da Xunta salientou que o novo organismo seguirá estando rexido polos principios de colaboración co que se levan prestando os servizos sociais nos últimos anos. "Deste xeito, continuarase contando cos concellos", aseverou, logo de precisar que no Consello reitor do organismo haberá representantes tanto da Consellería da área de servizos sociais, como da de Sanidade e Educación, ademais dos concellos a través da designación que faga a Fegamp.

"En definitiva, entramos na fase derradeira para que bote a andar en Galicia unha Axencia que xestione coa maior homoxeneización posible e de xeito único os servizos sociais que se prestan en máis de 300 centros, sen duplicidades, racionalizando recursos e conseguindo así menos custos, máis eficacia e maior calidade nos servizos que prestamos aos cidadáns", concluíu a modo de resumo.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA NO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

O luns, 25 de novembro de 2013, conmemorouse o Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero.

O Goberno galego ten firmemente asumido que a loita contra a violencia de xénero é unha loita a prol dos dereitos humanos e da xustiza social e o noso compromiso dende a Administración é articular unha resposta global fronte a esta lacra en calquera das súas modalidades e consecuencias, a través dunha asistencia integral ás mulleres vítimas, aos seus fillos e fillas e a outras persoas ao seu cargo, así como fortalecer a prevención para avanzar na paulatina redución da violencia contra as mulleres ata a súa erradicación.

A nova Estratexia europea para a igualdade entre mulleres e homes 2010-2015, que presenta os compromisos da Comisión Europea nesta materia, reforza inequivocamente a dignidade, integridade das mulleres e o fin da violencia de xénero a través dun cadro de acción específico.

Pola súa banda, a principios deste mesmo ano, a Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller das Nacións Unidas estableceu como tema prioritario de traballo a eliminación e prevención de todas as formas de violencia contra mulleres e nenas.

Seguindo a senda trazada dende o ámbito internacional, o VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes: Estratexia 2013-2015, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia ao inicio deste ano, recolle no seu eixo sexto: Acción integral para combater a violencia de xénero, 91 accións dirixidas á súa abordaxe a través dos seguintes obxectivos prioritarios:

- 1.- Estimular a observación e a investigación para mellorar o coñecemento sobre a problemática da violencia de xénero en todas as súas manifestacións e identificar boas prácticas e novas posibilidades de intervención
- 2.- Mellorar a formación das e dos profesionais implicados na prevención, atención e integración das mulleres vítimas de violencia de xénero.

3.- Impulsar a prevención e detección precoz de situacións xeradoras de violencia de xénero en todas as súas formas e ámbitos.

4.- Reforzar a protección e a atención integral das mulleres vítimas de violencia de xénero e das persoas ao seu cargo, a través dunha rede de recursos especializados capaz de xerar unha resposta adecuada ás súas necesidades

5.- Facilitar a integración social e laboral e a independencia económica das mulleres vítimas de violencia de xénero.

6.- Aumentar a coordinación de esforzos públicos para unha maior eficacia e a complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero

7.- Outorgar unha atención integral e específica ás mulleres vítimas da trata de seres humanos, fundamentalmente ás que o son con fins de explotación sexual.

Sabemos que para conseguir resultados contra a violencia de xénero é imprescindible xuntar os esforzos para facerlle fronte, e un ano máis apelamos á unidade de todas as forzas políticas e de todas as administracións públicas e á implicación da sociedade no seu conxunto; dende a Xunta de Galicia expresamos a nosa solidariedade coas familias das mulleres mortas por esta causa e con todas aquelas que sofren situacións de violencia, de discriminación e de inxustiza polo mero feito de ser mulleres.

Esta é una loita que só podemos gañar, entre todos e todas, en igualdade.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2013



Formación e emprego

Mato anuncia que os orzamentos de 2014 blindarán a partida dos obradoiros de emprego que ascenderá a máis de 9,5 millóns

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, reuniuse cos participantes do obradoiro de emprego de Boqueixón-Vedra que está a formar 20 alumnos nas especialidades de albanelaría e carpintaría
- ▶ O departamento autonómico está a investir máis de 175.000 euros nesta iniciativa
- ▶ Os alumnos levarán a cabo o acondicionamento das instalacións socioculturais de Boqueixón e a rehabilitación de edificacións na estación de ferrocarril de Santa Cruz de Rivadulla en Vedra

Boqueixón (A Coruña), 15 de novembro de 2013.-

A Consellería de Traballo e Benestar blindará nos orzamentos de 2014 a partida destinada aos obradoiros de emprego, que ascenderá a máis de 9,5 millóns de euros e beneficiará a preto de 1.300 galegos e galegas. A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, anunciou esta actuación na visita que realizou a Boqueixón, ao obradoiro de emprego que comparte

esta localidade con Vedra. Deste xeito, volverán a programarse outras 50 actuacións deste tipo por toda a Comunidade autónoma.

Acompañada pola delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, a conselleira de Traballo explicou que a Xunta segue a apostar polas iniciativas mixtas de formación e emprego polas súas numerosas vantaxes: posibilitan acceder a un posto laboral; ofrecen

simultaneamente unha formación teórica e práctica de calidade; e levan apareladas a realización de obras ou servizos de interese para a comunidade.

No caso do obradoiro de Boqueixón-Vedra, estanse a formar e acceder a un posto laboral un total de 20 persoas sen emprego nas especialidades de carpintaría e albanelaría. Os alumnos levarán a cabo o acondicionamento das instalacións socioculturais de Boqueixón e a rehabilitación de edificacións na estación de ferrocarril de Santa Cruz de Rivadulla de Vedra. En total, a esta actividade estase a destinar máis de 175.000 euros.

Mato destacou que este obradoiro é un dos 50 que se están a realizar por toda Galicia dos que 17

se están a desenvolver na provincia da Coruña con 370 alumnos e un investimento total de preto de 3,3 millóns de euros.

"A formación que os participantes reciben é homologada e asociada a un certificado, xa que practicamente o 100 por cento dos cursos que financiamos desde a Consellería están vinculados á obtención dun destes certificados de validez nacional", explicou Mato. Ademais incidiu en que o Goberno galego segue a apostar polas políticas activas de emprego que aínda que por si mesmas non crean postos de traballos si melloran a empregabilidade dos traballadores e traballadoras e, polo tanto, asegurou que aumentan cuantitativa e cualitativamente as posibilidades de conseguir un emprego.

Traballo inviste 8,2 millóns de euros para que 239 entidades de iniciativa social poidan contratar a 500 persoas desempregadas

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou as instalacións de Down Galicia, onde anunciou a resolución dos plans de cooperación a colectivos sen ánimo de lucro
- ▶ O departamento autonómico está a destinar este ano máis de 370.000 euros en diversas liñas de colaboración con Down Galicia
- ▶ A través dos plans de cooperación, este colectivo poderá contratar a 13 persoas sen emprego grazas a unha axuda de 230.000 euros
- ▶ A asociación conta, ademais, cun plan integrado de emprego que financia Traballo con máis de 70.000 euros para que 60 persoas con discapacidade teñan unha oportunidade para acadar a inserción laboral

Santiago, 28 de novembro de 2013.-

A Consellería de Traballo e Benestar vén de resolver as axudas dos plans de cooperación para entidades de iniciativa social que recibirán en total 8,2 millóns de euros para a contratación de 500 persoas sen emprego en toda Galicia. Destas subvencións beneficiaranse 239 entidades como é o caso de Down Galicia.

A titular do departamento autonómico visitou as instalacións deste colectivo en Santiago, onde anunciou a resolución destas axudas e onde destacou que esta asociación está a recibir este ano máis de 370.000 euros

en subvencións do departamento autonómico para diferentes tipos de actuacións. Desde 2009, a colaboración con esta entidade ascende a máis de 4,6 millóns de euros.

Así, en primeiro lugar, Mato resaltou que Down Galicia contará con 230.000 euros para a contratación de 13 traballadores a través dos plans de cooperación, unha "importante medida" de apoio para a empregabilidade, segundo matizou.

Down Galicia, ademais, disporá tamén este ano dun programa integrado de emprego que financia Traballo con máis de 70.000 euros,

o que permitirá que 60 persoas con discapacidade teñan unha oportunidade para acadar a inserción laboral, cunha especial orientación cara o sector agrónomo e os servizos. Esta actuación dará comezo nos próximos días, xa que agora mesmo atópase no proceso de selección dos participantes.

Mato lembrou que os programas integrados de emprego buscan crear itinerarios integrais de inserción e para conseguilo combinan accións como a información, a orientación, o asesoramento, a formación, a práctica laboral ou a intermediación coas empresas. "Trátase de iniciativas especialmente deseñadas para mellorar a empregabilidade e crear novas oportunidades para as persoas que están a atopar maiores dificultades para conseguir un posto de traballo", apuntou.

En toda Galicia estanse a poñer en marcha este ano 30 programas integrados de emprego que contan cun orzamento de 2,5 millóns de

euros, o que beneficiará a 2.200 persoas. Para 2014, a conselleira avanzou que a estes plans destinaranse 4 millóns de euros, un 60 por cento máis que este ano.

Así mesmo, Traballo e Benestar está a financiar a este colectivo a contratación de dous orientadores laborais, cunha axuda de 40.000 euros, e o desenvolvemento dun curso de formación ao que destina 28.000 euros.

En definitiva, a titular do departamento autonómico incidiu en que o Goberno galego seguirá a traballar para acadar a integración laboral das persoas con discapacidade como ferramenta clave de inclusión social. Neste senso, destacou que os orzamentos de 2014 reforzan as partidas destinadas ao emprego e á discapacidade que ascenderán a 17,4 millóns de euros, un 8 por cento máis que este ano. "Unha das nosas prioridades é a loita pola igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade", concluíu.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou en novembro un total de 270.854 persoas desempregadas

Santiago, 3 de decembro de 2013.- Galicia pechou o mes de novembro cun total de 270.854 persoas desempregadas, segundo as estatísticas do paro rexistrado, o que supuxo un incremento do 0,98 por cento con respecto ao mes anterior, e que se traduce en termos absolutos en 2.629 persoas máis.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, considerou que "non se pode facer unha valoración positiva" cando hai un aumento do paro, pero fixo fincapé na evolución interanual rexistrada este mes en Galicia.

Por primeira vez, desde 2007 e tendo en conta calquera mes do ano, o desemprego baixou dun ano para outro. En concreto,

rexistrouse un descenso do 2,05 por cento (-5.682 desempregados). Con este dato, confirmase a tendencia que se veu rexistrando ao longo deste ano, cunha mellora progresiva da evolución interanual que derivou, finalmente, no primeiro descenso en 6 anos.

Ademais, a responsable autonómica destacou tamén que se trata da subida máis moderada dun mes de novembro –onde tradicionalmente hai alzas do paro– desde 1998.


Se se toma como referencia a evolución anual, de xaneiro a novembro, acumúlase un descenso de 7.933 persoas desempregadas.

Polo que respecta ao Estado, o paro baixa nun 0,05 por cento, o que se traduce en 2.475 persoas ata situarse nos 4.808.908 parados.

Analizando o desemprego en Galicia por sectores, obsérvase que o sector servizos acumula case o 80 por cento do aumento rexistrado este mes, con 2.092 parados máis. A continuación sitúase a agricultura e a pesca (+424); o colectivo sen emprego anterior (+221); e a industria (+11). Pola súa banda, e como no mes anterior, a construción baixa en 218 persoas desempregadas.

Por provincias, o paro incrementouse en todas, rexistrando Pontevedra a cifra máis elevada (+1.159), seguida por Lugo (+847); A Coruña (+350); e Ourense (+273).

No mes de novembro rexistráronse en Galicia un total de 55.749 contratos, 17.674 contratos menos que no mes anterior; deste total, 4.262 foron indefinidos e 51.487 temporais.



A Xunta e as principais asociacións galegas do sector TIC comprométense a impulsar a responsabilidade social empresarial no eido tecnolóxico

- Traballo e Amtega elaborarán unha guía de boas prácticas de RSE para o sector TIC e creárase unha plataforma sectorial TIC galega de fomento da Responsabilidade social empresarial
- Ambos os dous departamentos autonómicos analizarán programas nacionais e europeos de financiamento que teñan como obxectivo promover a RSE nas pemes galegas para aumentar a súa competitividade
- Durante 2014 realizaranse 7 xornadas divulgativas en colaboración coas asociacións do sector así como actividades prácticas para xestionar e implantar medidas de RSE nas empresas TIC.

Santiago, 20 de novembro de 2013.- Impulsar a Responsabilidade social empresarial no sector TIC galego e fomentar a difusión dos produtos e solucións de tecnoloxía social son os dous obxectivos globais do protocolo asinado en Santiago entre a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, e os presidentes de Agestic, José María López Bourío; de Eganet, Víctor López García; do Clúster TIC, Antonio Rodríguez del Corral e o vicepresidente de Agasol, Javier Castaño García.

Esta colaboración inscribíse no marco de actuacións que a Xunta está a desenvolver no eido da Responsabilidade social empresarial (RSE), e para potenciar as actuacións que está a realizar o sector TIC nesta materia, especialmente no ámbito da tecnoloxía social.

Actuacións para impulsar a RSE no sector TIC

Entre outras medidas o protocolo asinado prevé a

elaboración dunha Guía de boas prácticas de RSE para o sector TIC, coa información achegada polas asociacións asinantes e que servirá de base para a creación dunha plataforma sectorial TIC de fomento da RSE.

Ademais, ao longo de 2014 realizaranse 7 xornadas de difusión e boas prácticas organizadas por todas as partes asinantes así como actividades de formación práctica sobre como implantar e xestionar a RSE no sector TIC en colaboración coas asociacións.

O Observatorio da Sociedade da Información e da Comunicación de Galicia (Osimga), dependente da Amtega elaborará o vindeiro ano un estudo monográfico sobre a RSE no sector TIC, que será resultado das respostas ás preguntas específicas que se incluírán sobre este tema na súa enquisa anual sobre as empresas TIC galegas.

Tanto a Consellería de Traballo como a Amtega se comprometen a analizar programas nacionais e europeos de financiamento, que teñan como obxectivo promover a RSE nas



pemes galegas, e polo tanto aumentar a súa visibilidade.

Todas as actividades difundiránse a través dos diferentes portais xestionados por ambos departamentos autonómicos.

Programa de Voluntariado Dixital e Plan de Acción RSE 2014-2015

Ambas responsables autonómicas destacaron que esta colaboración dá continuidade ás actuacións que os seus departamentos están a desenvolver nesta materia.

No caso de Amtega, Mar Pereira destacou o labor de mecenas dixitais que están a desenvolver as 23 empresas tecnolóxicas adheridas ao Programa de voluntariado dixital, que se puxo en marcha en 2012 e que son exemplos de boas prácticas de RSE. No último ano estes mecenas dixitais colaboraron activamente co programa para

achegar as TIC aos colectivos máis afectados pola fenda dixital contribuíndo economicamente no programa de formación, mediante a doazón de equipamento TIC e outros bens, cedendo o uso de espazos TIC, apoiando a comunicación ou financiando eventos específicos.

Desde a Consellería de Traballo e Benestar destacou o impulso da RSE a través das tecnoloxías como o software XUNTA-PRO-RSE, pioneiro en España, que o departamento autonómico ten a disposición de todas as empresas galegas para axudalas a integrar as variables da Responsabilidade social empresarial (RSE) na súa xestión. Con iso conseguiranse empresas máis sólidas, comprometidas co emprego e coa sociedade e eficaces, mellorando a súa posición e visibilidade para competir nun mundo globalizado. Isto enmárcase



como unha das accións do novo impulso que se lle quere dar ao Observatorio Permanente da Responsabilidade Social Empresarial de Galicia.

Xornada sobre exemplos de boas prácticas de RSE no sector TIC galego

Tras a sinatura do acordo celebrouse unha Xornada sobre boas prácticas de RSE no sector TIC galego, organizada pola Amtega en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar.

Os asistentes coñeceron de primeira man 12 iniciativas de empresas TIC en catro ámbitos distintos da Responsabilidade social empresarial. A primeira mesa de debate expuxo solucións ou produtos TIC orientadas ao eido da saúde, o benestar ou o envellecemento activo, cos casos concretos de Imaxdi, Bahía Software e Wireless Galicia.

Na mesa de boas prácticas para mellorar o lugar de traballo, Elogia, Everis e Igailia deron conta das medidas que desenvolveron para conciliar a vida laboral e familiar, promover a igualdade de oportunidades, mellorar a comunicación interna e facilitar a formación do seu persoal.

A terceira mesa abordou as boas prácticas con impacto na comunidade da man de Iterdata, Balidea e Abertal que expuxeron iniciativas como o voluntariado corporativo, as que favorecen a integración social ou laboral a nivel local, doazóns en metálico ou especies a institucións sociais...

A cuarta e última mesa de mañá analizou casos integrais de boas prácticas, coas empresas Ednon, R e Tecnom, como exemplos de entidades que integran a RSE de forma transversal en todas as funcións de negocio.

<http://imit.xunta.es/portal/>



<http://www.osimga.org/es/>



<http://rse.xunta.es/>



http://issga.xunta.es/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/issga_lembra_prl_na_pesca.pdf

O ISSGA edita o manual Lembra: prevención de riscos na pesca con 21 fichas que recollen coñecementos para mellorar a seguridade

Sanxenxo (Pontevedra), 13 de novembro de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), vén de elaborar o manual Lembra: prevención de riscos na pesca que en 21 fichas moi gráficas recolle os principais riscos e medidas preventivas no sector da pesca, desde o momento do embarque ata o desembarque. A guía editouse en formato póster para as 21 fichas e como libro.

A directora do Instituto, Adela Quinzá-Torres, presentou en Portonovo a guía aos presidentes das federacións galega e provinciais de confrarías da Comunidade autónoma. O manual trata de xeito integral os coñecementos básicos que deben ter os traballadores para acadar unha axeitada seguridade e aborda, individualmente en cada unha das fichas, as principais problemáticas e solucións preventivas das distintas temáticas do sector.

"A guía está feita de maneira didáctica, sinxela e práctica para os traballadores da pesca aos que se dirixe", apuntou.

Lembra: prevención de riscos na pesca inclúe desde as recomendacións para acceder ás embarcacións ata saltar a terra con seguridade para eliminar situacións de risco e evitar accidentes. Deste xeito, abórdase a colocación dos chalecos salvavidas, as cubertas de traballo e o uso das máquinas, aparellos ou instalacións. Así mesmo, inclúe medidas básicas sobre o risco eléctrico e a utilización de equipos de protección individual. Tamén contempla un módulo sobre sinalización, os equipos de salvamento e nocións sobre o cadro orgánico e de estabilidade das embarcacións. Por último, o manual recolle información sobre emerxencias, sistema mundial de socorro, incendio, pautas para abandonar un buque e primeiros auxilios.

Traballo incrementará en 2014 o orzamento dos programas de emprego para persoas con discapacidade ata os 17,4 millóns

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Santiago nas xornadas "Ética e empresa" organizadas por Cogami
- ▶ Destacou o papel dos centros especiais de emprego que, segundo os últimos estudos, permiten que 2 de cada 3 traballadores dean o salto á empresa ordinaria
- ▶ Apostou por seguir promovendo a Responsabilidade social empresarial (RSE) en Galicia, xa que esta inclúe entre os seus valores a integración social e a igualdade efectiva

Santiago, 19 de novembro de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar incrementará en 2014 o orzamento destinado a programas de emprego para persoas con discapacidade. En concreto, esta partida aumentará nun 8 por cento, ata chegar aos 17,4 millóns de euros.

Así o salientou a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, durante a súa participación nas xornadas "Ética e Empresa" que organiza Cogami. Alí, fixo fincapé en que "non hai mellor ferramenta de integración que o emprego", de aí que se estean a reforzar estas liñas de actuación de cara ao próximo ano.

Ao respecto, precisou que só os centros especiais de emprego disporán dunha partida de

8,3 millóns de euros, coa que se subvencionará o posto de traballo dunhas 2.000 persoas con discapacidade.

Ademais de asegurar un emprego remunerado, estas empresas serven tamén de "trampolín" cara a integración na empresa ordinaria. De feito, os últimos estudos indican que dous de cada tres persoas que traballan nestes centros a nivel nacional dan o salto á empresa ordinaria nalgún momento da súa vida laboral.

Por iso, sinalou Mato, é preciso seguir "facendo esforzos para que esa integración siga medrando cuantitativa e cualitativamente". Neste camiño considerou "imprescindible" a colaboración e compromiso das empresas.

De aí que resaltase a



necesidade de seguir apostando e divulgando a Responsabilidade social empresarial (RSE), xa que entre os seus valores se inclúen a integración social e a igualdade efectiva.

Neste sentido, recordou que o Goberno galego xa dispón dun Plan estratéxico de RSE 2012-2014 que foi consensuado nas mesas do diálogo social, e que constitúe a folla de ruta das políticas nesta materia.

Como actuacións concretas, a conselleira destacou a posta en marcha do Grupo de representación en RSE, composto por 12 das principais empresas de Galicia. O seu obxectivo é desenvolver a RSE no tecido empresarial da

comunidade e, para conseguilo, estase a levar a cabo un proxecto de tutela destas grandes empresas a Pemes galegas en materia de RSE.

Ademais, creouse o Observatorio Permanente de RSE, que se acaba de actualizar e optimizar, co fin de reforzar o seu contido e convertelo realmente nunha plataforma para medir e avaliar o estado da RSE en Galicia.

Por outra banda, para facilitar o traballo das empresas, o departamento puxo a disposición delas a ferramenta informática gratuita Xunta-Pro RSE, que permite que integren as variables da RSE no negocio dunha forma "sinxela, gráfica e intuitiva".

A sinistralidade laboral en Galicia diminúe un 5,47% entre os meses de xaneiro a outubro deste ano

Santiago, 1 de decembro de 2013.- A sinistralidade laboral diminuíu un 5,47% nos 10 primeiros meses do ano, cun total de 18.854 accidentes laborais fronte aos 19.946 no mesmo período do ano 2012. Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias: nunha porcentaxe do 0,59% en Lugo, do 1,37% en Ourense, do 6,13% na Coruña, e do 7,30% en Pontevedra.

Pola súa banda, o total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en outubro de 2013 aumentou un

8,55%. Neste mes rexistráronse 2.527 accidentes fronte aos 2.328 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 2.472 foron accidentes leves, 50 graves e 5 mortais.

Diminuiron os accidentes na pesca nun 20,28% e na construción nun 3,49%. Aumentaron, pola súa banda, na agricultura nun 5,43%, nos servizos nun 8,95% e na industria nun 21,44%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes

co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, aumentou un 7,46% en outubro deste ano respecto

ao mesmo mes do ano anterior. Agás na pesca que diminuíu nun 16,82%, houbo aumento nos demais sectores: nos servizos nun 4,70%, na construción nun 5,84%, na agricultura nun 9,97% e na industria nun 27,27%.

http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estadisticas/accidentes/norma_0004.html



Traballo impulsará en 2014 un novo programa para apoiar as 'start up' galegas e para promover a RSE entre elas

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou unha xornada sobre o Observatorio Permanente de Responsabilidade Social Empresarial (RSE)
- ▶ O departamento autonómico vai reforzar este organismo con novas funcións para convertelo nun "auténtico punto de encontro"
- ▶ Desde 2012 funciona tamén o "Grupo de Representación Empresarial galego", formado por 12 das principais empresas da comunidade, que están a desenvolver actualmente un proxecto de tutela a pemes en materia de RSE
- ▶ Todas estas actuacións inscribíense nos obxectivos marcados polo Plan estratéxico galego de responsabilidade social empresarial 2012-2014, que foi consensuado no diálogo social

Santiago, 15 de novembro de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar impulsará en 2014 un novo programa dirixido a apoiar as "Start up" galegas. A iniciativa, denominada "Start up, Stand up" enmárcase no programa europeo Enterprise 2020 e ten como principal obxectivo promover e consolidar o emprendemento en Galicia.

Así o anunciou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, durante a apertura da xornada sobre o Observatorio Permanente de Responsabilidade Social Empresarial (RSE), que tivo lugar en Santiago de Compostela.

Sobre este novo programa, a titular do departamento autonómico salientou que as "Start up" presentan "grandes posibilidades de crecemento e ofrecen unha

excelente saída profesional aos mozos e mozas que rematan a súa formación universitaria e están preparados para a iniciar a súa experiencia no mundo laboral".

Polo tanto, a iniciativa encárgase de apoiar este tipo de proxectos emprendedores e de promover a incorporación dos principios da RSE na súa axenda de traballo. Polo tanto, o "Start up, Stand up" permitirá, ao mesmo tempo, impulsar o emprego xuvenil no sector das novas tecnoloxías e cimentar a RSE como un mecanismo de xestión empresarial "de presente, pero sobre todo de futuro".

Ao respecto, Mato explicou que implantar unha política de RSE "non supón deixar de lado a rendibilidade económica, nin supón un gasto adicional, senón

que se trata de aplicar un modelo máis responsable de xestión, que xerará beneficios a medio e longo prazo". Sinalou, ademais, que estes beneficios non redundan só nas empresas, senón que tamén chegan á sociedade en xeral.

Por iso, a Consellería ten apostado desde o primeiro momento por este modelo a través de distintos programas e ferramentas. Destaca, por exemplo, o Observatorio Permanente de RSE, no que se centrou dita xornada.

O seu obxectivo é ofrecer unha análise "periódica, cuantitativa e rigorosa" do impacto da RSE en Galicia. Agora, segundo anunciou Mato, vanse reforzar os seus contidos e funcións co obxectivo de consolidar este organismo como "referente" da RSE en Galicia e para que se constitúa como un "auténtico punto de encontro" entre empresas e institucións.

Cabe destacar que, entre outras novidades, a partir desta reformulación impulsaranse —entre outras actividades— a posta en marcha de mecanismos de formación e sensibilización; a realización de proxectos de investigación e estudos na materia; e o establecemento de redes de traballo e diálogo tanto a nivel nacional como transfronteirizo.

Grupo de representación empresarial

A conselleira fixo fincapé noutra iniciativa: o Grupo de Representación Empresarial Galego, formado por 12 das principais empresas de Galicia e que botou a andar en 2012. De feito, este grupo está a desenvolver actualmente un "innovador" proxecto de tutela destas grandes empresas a pemes en materia de RSE. O obxectivo é axudalas a través do asesoramento, o acompañamento e a experiencia propia.

O departamento dispón tamén dunha ferramenta informática gratuita: Xunta-Pro RSE. Este programa permite ás empresas integrar as variables da RSE na xestión do seu negocio dunha forma sinxela e gráfica. As empresas poden realizar diagnósticos da súa situación e elaborar memorias de sustentabilidade en RSE conforme ás principais referencias internacionais.

Todas estas actuacións inscribíense nos obxectivos marcados no Plan estratéxico galego de responsabilidade social empresarial 2012-2014, un documento que foi consensuado nas mesas do diálogo social e que constitúe unha "aposta integral para a mellora das empresas galegas e o reforzo da súa competitividade".

<http://rse.xunta.es/images/stories/>



<http://www.startupprogramme.es/>



O certame 'Xuventude Crea', o maior evento artístico da mocidade galega, remata esta edición co recoñecemento aos 72 premiados

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a gala final na que se entregaron os diplomas aos gañadores das 11 especialidades
- ▶ Máis de 300 novos creadores tomaron parte este ano no concurso
- ▶ Como novidade, o xurado estivo composto por empresarios e profesionais que ocupan postos de decisión en cada un dos sectores implicados co obxectivo de pór as creacións en contacto directo co mundo empresarial.

Santiago, 20 de novembro de 2013.- O certame Xuventude Crea, organizado pola Consellería de Traballo e Benestar, puxo punto e final á edición deste ano cunha gala na que se entregaron os diplomas aos 72 premiados das 11 especialidades do concurso.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou neste acto que tivo lugar en Santiago de Compostela. Aproveitou a súa intervención para felicitar non só os 72 gañadores, senón tamén as 300 participantes que presentaron as súas obras este ano. "Porque, por riba de todo, o que hoxe estamos a celebrar nesta gala é a creatividade, a ilusión e a vitalidade da mocidade galega", salientou.

Neste sentido, a titular autonómica resaltou que o "potencial de futuro da mocidade constitúe un dos meirandes activos de Galicia, porque o máis importante que unha sociedade pode desexar é o capital humano".

Por iso, subliñou que a Xunta de Galicia seguirá poñendo á disposición dos mozos e mozas as ferramentas e apoio necesarios para que poidan desenvolver os seus valores e capacidades. E, entre estes valores, fixo unha especial

menção á creatividade xuvenil "en todas as súas disciplinas e expresións".

Por iso, o certame abrangue un total de 11 especialidades diferentes: teatro, artes plásticas, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, grafiti, carteis, moda e deseño de xoias. A modalidade con máis obras presentadas ao concurso é a de artes plásticas cun total de 65, seguida por relato breve con 37 e poesía con 30.

Foi un xurado o encargado de determinar, entre as obras presentadas, cales merecían os primeiros premios. Nesta edición, como novidade, o xurado estivo composto por empresarios e profesionais que ocupan postos de decisión en cada un dos sectores implicados no certame, de xeito que se favoreceu que os participantes puxesen as súas creacións en contacto co mundo empresarial de forma directa.

Cada unha das especialidades conta con tres premios: un primeiro dotado de 3.000 euros; o segundo de 1.500; e o terceiro de 1.000 euros. Ademais, as obras premiadas participarán en exposicións colectivas ou serán



presentadas, segundo correspondía, no marco do Circuito Galego de Creatividade Xuvenil que organiza a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Ademais, os premiados en teatro e música terán a oportunidade de presentar as súas creacións nunha serie de actuacións por distintos concellos galegos. En concreto, os que obteñan o primeiro premio contarán con dúas actuacións; mentres que os segundos e terceiros clasificados actuarán nunha cada un deles.

Cabe lembrar tamén que os primeiros clasificados en artes plásticas poderán participar en exposicións colectivas incluídas no Circuito da creatividade.

No certame de Xuventude Crea participan mozos e mozas galegos non profesionais con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos. Salvo no caso das especialidades de teatro, música, banda deseñada e grafiti, a participación é sempre a título individual. Todas as obras son en galego, orixinais e inéditas.

<http://xuventude.xunta.es/>



Benestar abre o prazo para que a sociedade envíe as súas achegas para a elaboración da 'Estratexia Xuventude 2016'

- ▶ A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado publicou na súa páxina web o borrador da Estratexia para que os interesados poidan facer as súas propostas ata o 18 de decembro
- ▶ O documento remitirase de xeito directo aos concellos, asociacións, escolas de tempo libre e grupos informais, ademais de difundirse a través dos perfís das redes sociais da Dirección Xeral e da base de datos dos usuarios dos programas deste departamento
- ▶ Substituirá a 'Estratexia Xuventude 2013' e será o primeiro plan que recolla o disposto na Lei de xuventude de Galicia.

Santiago, 19 de novembro de 2013.- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar publica na súa páxina web o primeiro borrador da 'Estratexia Xuventude 2016' co obxectivo de que as persoas interesadas envíen as súas achegas a través da súa páxina web e ata o próximo 18 de decembro. Deste xeito, quérese garantir a máxima colaboración efectiva das entidades de participación xuvenil e da mocidade galega en xeral.

Ademais, desde o departamento autonómico,

quérese favorecer a posibilidade de incorporar as propostas e consideracións dos mozos e mozas, así como das entidades que traballan no ámbito da xuventude para o que tamén está previsto desenvolver unha serie de foros en diferentes cidades galegas.

O documento enviarase de xeito directo a concellos, oficinas de información xuvenil, asociacións, escolas de tempo libre e grupos informais, ademais de difundirse a través dos perfís das redes sociais da Dirección Xeral e da base de datos dos

usuarios dos programas deste departamento.

Substituirá a 'Estratexia Xuventude 2013' e será o primeiro plan que recolla o disposto na Lei de xuventude de Galicia, que establece como prioridade a acción unitaria de goberno e a coordinación dos diferentes departamentos da Administración á hora de poñer en práctica medidas que afecten a xuventude. Esta planificación das políticas de mocidade efectúase a través da elaboración en cada

lexislatura dun plan estratéxico de xuventude.

A 'Estratexia Xuventude 2013' conta con once eixos básicos de transversalidade, relacionados coa educación; o emprego; a creatividade e espírito emprendedor; a vivenda; a saúde e o deporte; a participación e asociacionismo; o voluntariado; a información e a formación; a mobilidade e o turismo xuvenil; a dinamización lingüística e a igualdade.

http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/planestrategico/Borrador_Xuventude_2016_21_11.pdf

Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016
Horizonte 2020



<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

Directorio	Notas	Agenda	Formación	A mi experiencia	Leccións	Axercentos	Mapa Web
Entidades	Faite voluntario	Plans e programas	Subvencións	Punto de encontro	Revista entidades	Ligazóns	Contato
Voluntariado Galego.org Acceso Entidades (Nova ventila) ORDE DE AXUDAS PROGRAMA VOLUNTARIADO XUVENIL 2013 PUNTO DE ENCONTRO							
Novas (25-05-2013) VOLUNTARIADO AMBIENTAL PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS 2013 VOLUNTARIADO AMBIENTAL Un total de 192 galegos poderán participar este ano no							
Agenda Voluntariado 03 Xul 2013 L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31							

Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



BITEB. Boletín Informativo de Traballo e Benestar novembro 2013, nº 90

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña á publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_nx_90_Novembro_2013.pdf



Guía para a asignación de servizos sociais a persoas en situación de dependencia

O modelo que se presenta parte do estudo dos distintos colectivos que se inclúen na Carteira de servizos para persoas dependentes, prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.

Para cada un deles analízase o concepto, a clasificación e os criterios que deben ser tidos en conta. Tamén se describen os seus perfís considerando os tres graos de dependencia establecidos na actual Lei de autonomía persoal:

moderado, severo e gran dependencia.

O modelo ten en conta tres variables para a asignación de servizos: apoio social, capacidade funcional e estado cognitivo. Por esta razón, incluíuse un segundo apartado dedicado á avaliación, no que se presentan os principais instrumentos utilizados para así establecer dentro das variables, distintas categorías (adecuado-insuficiente-precario, dependencia moderada-dependencia severa-gran dependencia e alterado-non alterado, respectivamente).

O terceiro e último apartado recolle a descrición do modelo. Nel distribúense, partindo das variables establecidas, os servizos que se consideran máis axeitados en función das necesidades das persoas en situación de dependencia, que veñen dadas pola súa problemática e idade (consideráronse os seguintes grupos de idade: 0-6, 7-16, 17-59 e >59 anos).

Acceso:

<http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Guia>



Informe de seguimento 2012. Plan de acción integral para as persoas con discapacidade. Galicia, 2010-2013

Neste documento recóllense os datos relativos ás actuacións executadas durante o exercicio 2012 no marco do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, a partir dos indicadores de seguimento definidos para cada actuación deste plan. Respéctase a estrutura dos anos anteriores en canto á descrición de traballos realizados, resumo estatístico das actuacións por áreas, alcance da actividade do plan e resultados acadados e grao de actividade/execución por área de intervención. Por último acompañan á publicación anexos que complementan o contido con datos de gran interese.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/PAIPDG_Informe_seguimento_2012_OK.pdf

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- BITeB, nº 90, novembro
- Guía de boas prácticas ISSGA. Saúde laboral no marisqueo a pé
- ISSGA lembra. Prevención de riscos en la extracción de recursos específicos
- Os Mellora do ISSGA. Pedra
- Guía de recursos para as familias. 2013
- Os atendo do ISSGA. Prevención de riscos nos traballos de limpeza e desinfección no sector agroalimentario
- Os atendo do ISSGA. Prevención de riesgos en los trabajos de limpieza y desinfección en el sector agroalimentario
- Xornada "A Formación en Xuventude nas Administracións Públicas"
- Guía para a asignación de servizos sociais a persoas en situación de dependencia
- Plan Galego das persoas maiores. 2010-2013. Horizonte 2015. Informe de seguimento 2012
- Prevención de daños musculoesqueléticos en las trabajadoras del mar

DOG

Resolución do 4 de novembro de 2013, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 2 de abril de 2013 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 212, do 06.11.2013).

Decreto 164/2013, do 24 de outubro, polo que se modifica o Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica. (DOG nº 213, do 07.11.2013).

Orde do 31 de outubro de 2013 pola que se modifica a Orde do 20 de setembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións ao abeiro do Real decreto 196/2010, do 26 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a reinserción laboral así como o establecemento de axudas especiais aos traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego 76/2000, do 8 de marzo de 2001, e 25/2001, do 31 de xullo. (DOG nº 214, do 08.11.2013).

Orde do 4 de novembro de 2013 pola que se convocan as actividades que forman parte do Plan de formación permanente para o persoal das escolas infantís 0-3 de Galicia. (DOG nº 216, do 12.11.2013).

Resolución do 6 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, pola que se realiza a convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. (DOG nº 216, do 12.11.2013).

Orde do 6 de novembro de 2013 pola que se aproban e se dá publicidade aos modelos oficiais de solicitude de autorización de persoas e entidades para desenvolver actividades de auditoría dos sistemas de prevención e de notificación sobre a concorrencia das condicións que non fan necesario recorrer á auditoría do sistema de prevención, que se presentarán na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 217, do 13.11.2013).

Orde do 12 de novembro de 2013 pola que fai pública a ampliación dos importes existentes

para a concesión das axudas previstas na Orde do 10 de abril de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013. (DOG nº 219, do 15.11.2013).

Decreto 166/2013, do 14 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, aprobado polo Decreto 93/1991, do 20 de marzo. (DOG nº 220, do 18.11.2013).

Resolución do 5 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia da modificación da Resolución do 29 de decembro de 2010 pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia do acordo sobre os dereitos de participación do persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais. (DOG nº 220, do 18.11.2013).

Resolución do 11 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2014, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 222, do 20.11.2013).

Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé. (DOG nº 223, do 21.11.2013 e corrección de erros no DOG nº 229, do 29.11.2013).

Orde do 20 de novembro de 2013 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas

na Orde do 11 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral e ás súas entidades promotoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 227, do 27.11.2013).

Resolución do 6 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 227, do 27.11.2013).

Resolución do 11 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 227, do 27.11.2013).

Orde do 22 de novembro de 2013 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 28 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 229, do 29.11.2013).

Orde do 25 de novembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. (DOG nº 229, do 29.11.2013).

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia?lang=gl>



NORMATIVA CCAA

Andalucía

- Orden de 28 de junio de 2013, por la que se aprueba la reasignación de créditos del programa de ayuda a la contratación regulado por el Decreto-Ley 7/2013, de 30 de abril, de medidas extraordinarias y urgentes para la lucha contra la exclusión social en Andalucía. (BOJA de 08.07.2013)
- Corrección de errores de la Orden de 10 de octubre de 2013, por la que se regulan las ayudas económicas familiares y su gestión mediante la cooperación entre la Junta de Andalucía y las Entidades Locales (BOJA núm. 204, de 16.10.2013). (BOJA de 12.11.2013)

Aragón

- Orden de 9 de octubre de 2013, de la Consejera de Educación, Universidad, Cultura y Deporte, por la que se regulan los centros de atención preferente a alumnos con trastorno del espectro autista. (BOA de 11.11.2013)
- Orden de 31 de octubre de 2013, del Consejero de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se regulan las ayudas económicas sobre la prestación ortoprotésica. (BOA de 14.11.2013 y corrección de errores 28.11.2013)

Asturias

- Resolución de 11 de noviembre de 2013, del Servicio Público de Empleo, por la que se fija la distribución definitiva de los créditos estimativos previstos en la línea 2 de la convocatoria de subvenciones públicas para 2013-2014 con destino a la ejecución de acciones de formación para el empleo dirigidas prioritariamente a los trabajadores/as desempleados/as. (BOPA de 16.11.2013)
- Resolución de 11 de noviembre de 2013, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se amplía el plazo de justificación de subvenciones a favor de instituciones colaboradoras de integración familiar y otras entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas dirigidos a la infancia y las familias en el ámbito de los

servicios sociales especializados. (BOPA de 18.11.2013)

